

Cabalos, cabalos

Xosé Guillermo e Xavier Teniente

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GUILLERMO, XOSÉ, E XAVIER TENIENTE (2012 [2009]). “Cabalos, cabalos”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 772 (28 de maio), 1-8. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/743>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GUILLERMO, XOSÉ, E XAVIER TENIENTE (2009). “Cabalos, cabalos”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 772 (28 de maio), 1-8.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de abril de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

28 MAIO DO 2009 - NÚMERO 772

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**




Os cabalos de Xosé Guillermo e Javier Teniente

O pasado 15 de febreiro falecía en Vigo Xosé Guillermo, un artista que se definía a si mesmo de “autodidacta feroz, pintor, escultor e director de maxias”. Atrás deixaba anos de loita corpo a corpo contra o cancro e unha traxectoria marcada pola liberdade e a itinerancia. “A miña maior fortuna”, dicía, “foi pintar en todas as cidades que soñara, desde o Cairo a Varanasi”. Nacido en Carballo no 1947, pero enraizado en Vigo, a cidade na que desenvolveu a maior parte do seu traballo, Xosé Guillermo estivo ligado á primeira etapa de Xerais como ilustrador e deseñador das súas coleccións. E no 1993, inventa a Fundación Nautilus, coa que participa


Cabalos, cabalos

en diversos colectivos sociais e espectáculos. A súa última exposición, titulada xenericamente *A danza dos tempos*, serviu para revisar, pouco antes da súa morte, o conxunto da súa obra. O que xa non puido ver foi *Cabalos de vento. Curros de pedra*, un libro de debuxos e poemas no que comparte espazo co fotógrafo Xavier Teniente. O libro, editado agora por Xerais, é a conxunción de dous creadores unidos pola amizade pero tamén pola pulsión da observación, dous homes que indagan na realidade para desentrañar nela –e baixo prismas formais ben distintos entre si– as claves emocionais. O monográfico que presentamos hoxe é unha homenaxe a Xosé Guillermo a través deste libro, abraiante na súa imaxinería.





As neboas escuras e grises
durmiron no val das lendas.
En verdes frescos e amarelos de ouro
acordan brumas e ascenden
brancas, leves e sensuais
aos bicos das montañas
e fanse azul ceo de vento
e azul salgado de mar.
Mañanciña da fin des maio.



As eguas chaman, magoadas, as crías perdidas.
Os poldros, de días, as longas patas tremendo,
xuntan os medos nun currunchu do valado de pedra.
Un home sobe a filla
nun cabaliño da cor das castañas
que ten na fronte un corazón branco.
As mans fortes e atentas,
amparan sen se notar á pequena.
A nena, estrelas de ilusión nos ollos,
rindo baixo a chupeta
aférrase ás crinas e cabalga intrépida
polo seu mundo de esperanzas.



